

INSTRUCCIÓN DE CUMPRIMENTADO DA FICHA DESCRITIVA DE CADA EXPLOTACIÓN.

A ficha descritiva da explotación é un documento cuxo obxectivo é proporcionar unha visión personalizada da estrutura e condicións de manexo de cada nave e fase de produción en cada explotación.

Pódese entender como unha foto fixa permanente da explotación na que se revisan aspectos xerais de infraestruturas, equipamentos e condicións de crianza presentes na explotación.

Debe cumprimentarse polo gandeiro de forma conxunta co seu veterinario de explotación e estar dispoñible para a súa valoración pola autoridade competente.

Ao final da ficha debe constar a sinatura do gandeiro e do veterinario da explotación da que se estea realizando a avaliación de riscos.

1. Información xeral da explotación

- Os campos NOME DA EXPLOTACIÓN, TITULAR DA EXPLOTACIÓN, CÓDIGO REGA, de acordo cos datos que figuren no rexistro.
- DATA de realización da descrición. Se é unha revisión de descricións anteriores por producirse un cambio significativo na explotación, debe facerse constar.
- CLASIFICACIÓN ZOOTÉCNICA e CUALIFICACIÓN SANITARIA. O que corresponda de acordo coa denominación recollida na normativa de referencia.
- INTEGRADORA. Se se trata de explotacións non integradas, faise constar como “non integrada”.

2. Información sobre condicións da explotación

- Cada columna refírese a unha fase fisiolóxica.

Poden suprimirse as columnas das fases que non estean presentes na explotación.

No caso de que unha mesma fase, por exemplo engorde, estea en naves diferentes con condicións idénticas, só será necesario encher unha columna e indicar o número de naves que se describen.

No caso de que unha mesma fase se atope en naves diferentes e as condicións destas naves non sexan idénticas, incluíranse tantas columnas como sexa necesario.

Os puntos deben encherse cunha descrición breve, numérica, se é posible. Se é necesaria unha explicación detallada incluírase no campo “observacións”.

Nº NAVES	
Capacidade autorizada	
Ano de construción	
Orientación nave	De acordo ao eixo lonxitudinal da nave
Tipo de illamento estrutural	Indicar se se considera efectivo ou non efectivo. En observacións facer unha descrición breve dos materiais da cuberta e das paredes
Chan formigón	Sinalar a opción que proceda
Chan plástico	
Chan metálico	
Parcialmente emparrado	
Totalmente emparrado	
CONTROL AMBIENTAL	
TEMPERATURA	
¿Dispón de sensores de temperatura?	contestar si/non
¿Están á altura da cabeza dos animais?	contestar si/non
¿Realízase control de temperatura?	contestar si/non
¿Rexístrase a temperatura?	contestar si/non
HUMIDADE	
¿Dispón de sensores de humidade?	contestar si/non
¿Están á altura da cabeza dos animais?	contestar si/non
¿Realízase control de humidade?	contestar si/non
¿Rexístrase a humidade?	contestar si/non
GASES	
¿Mídese a concentración de gases?.	contestar si/non
Indicar gases	Detallar para que gases se realiza medición instrumental da súa concentración.
¿Rexístranse?	contestar si/non
Extractores/ Ventiladores	Indicar que o sistema se utiliza na nave para modificar as condicións ambientais
Apertura automática ventás	contestar si/non
Apertura automática chemineas	contestar si/non
Cumbreras	contestar si/non
Coolings	contestar si/non
Ventilación total artificial	contestar si/non
Calefacción	contestar si/non
Indicar tipo calefacción	CR= Chan radiante; MT= Manta Térmica; O= Outros (indicar en observacións)

MAT MANIPULABLE	
Cama	contestar si/non
Encastado as paredes	contestar si/non
Suspendidos	contestar si/non
No chan	contestar si/non
Outros	
FRECUENCIA BALEIRADO FOSA XURRO	Indicar "x" veces / día / semana...
ALIMENTACIÓN	
Alimentación Ad libitum	contestar si/non
Tipo comedero	TV= Tolva; E= Electrónico; CN=Canaleta; O= Outros (indicar en observacións)
Lonxitude cm o Superficie comedero cm ² / nº animais por curral	
Alimentación racionada	contestar si/non
Nº comidas /día	
ABEBERAR	
Tipo bebedeiros	CH= Chupete; CN=Canaleta; CZ= Cazoleta; O= Outros (indicar en observacións)
Nº bebedeiros / Nº animais por curral	
MANEXO	
Separación ♂ / ♀	contestar si/non
Separación de castrados	contestar si/non/non procede
Separación por tamaños	contestar si/non
Separación enfermos e/ou feridos	contestar si/non
Lazareto	
Capacidade lazareto e % sobre o total animais.	Indicar a capacidade do total de lazaretos sobre o número total da capacidade de animais da nave en %
Nº currais lazareto	Indicar o número de currais destinados a ser utilizados como lazareto.
¿Hai rexistros de caudofaxia?	contestar si/non